

RESUMO PRÁCTICO PARA O PROFESORADO SOBRE A DISPENSA ACADÉMICA (UDC – CURSO 2025/26)

Nota aclaratoria: este é un resumo informativo sen valor normativo. Non substitúe a consulta da normativa oficial, Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudiantado de grao e máster universitario (NDEDA) aprobada polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña o 28/05/2025. En caso de dúbida débese consultar a normativa oficial publicada na web institucional, que prevalecerá en todo caso.

QUE É A DISPENSA ACADÉMICA?

A dispensa académica é unha **autorización que exime o estudiantado da obrigatoriedade de asistir a determinadas actividades formativas síncronas**. Con carácter xeral, debe:

- Adaptarse ás necesidades específicas do estudiantado.
- Garantir o **avance académico sen comprometer a adquisición de competencias**.
- Aplicárselles a aquelas **actividades que se poidan realizar sen intervención directa** do persoal docente ou persoa titora, sempre que se asegure a adquisición dos resultados de aprendizaxe.
- Establecer sistemas de **avaliación flexibles que permitan acadar a máxima cualificación**.
- Permitir un mínimo do **10 % de faltas non xustificadas** sen penalización (agás en actividades cunha única sesión indivisible).

Se unha titulación prevé excepcións, deberán ser comunicadas e avaliadas pola vicerreitoría correspondente.

QUEN TEN DEREITO A DISPENSA ACADÉMICA?

- **Todo o estudiantado que teña recoñecida a dedicación a tempo parcial (TP) ou a matrícula adaptada** ten dereito a dispensa académica, **unha vez acreditada algunha das circunstancias recollidas no artigo 6 da NDEDA**.
- Tamén **a pode solicitar o estudiantado con dedicación a tempo completo**, sempre que **acredite algunha das circunstancias recollidas no artigo 6 da NDEDA**.

Isto significa que **o dereito á dispensa non depende do tipo de dedicación**, senón de cumprir **algún dos criterios establecidos** pola normativa.

CRITERIOS RECOLLIDOS NO ARTIGO 6 (CAUSAS XUSTIFICATIVAS)

Estas son algunhas das situacións que permiten solicitar tanto dedicación a TP como dispensa académica:

- Actividade laboral ou profesional durante máis de 90 días no curso.
- Discapacidade igual ou superior ao 33 % ou NEAE recoñecidas.

- Enfermidade propia ou dun familiar a cargo (ata 2º grao).
- Permiso de embarazo, nacemento, adopción ou acollemento.
- Coidado de fillos/as menores de 12 anos.
- Coidado de persoas dependentes.
- Violencia de xénero ou outras violencias recollidas pola UDC.
- Ser maior de 45 anos.
- Dificultades económicas ou situación de desemprego.
- Simultaneidade con outros estudos oficiais.
- Participación en mobilidade universitaria.
- Deportistas de alto nivel ou alto rendemento.
- Representación institucional ou estudantil.
- Voluntariado cun mínimo de 90 días de duración.
- Outras circunstancias excepcionais xustificadas.

Estas causas deben estar **vixentes no momento da solicitude e deberán ser acreditadas** como indica o artigo 6 da NDEDA.

QUE DEBE TER EN CONTA O PROFESORADO?

1. Información na guía docente:

- Se a materia **permite dispensa**, débense incluír:
 - As **actividades formativas dispensables**.
 - As **adaptacións previstas** para cada actividade dispensable.
 - O **sistema de avaliación alternativo para estudantes con dispensa concedida**, que garanta igualdade de condicións e a posibilidade de obter a máxima cualificación.
- Se a materia **non permite dispensa**, débese:
 - Xustificar mediante un informe da comisión académica do centro.
 - Indicar expresamente na guía docente.

2. Actividades que non son susceptibles de dispensa:

- Prácticas obrigatorias presenciais (laboratorios, clínicas...).
- Avaliacións continua ou final imposibles de adaptar.
- Obradoiros/seminarios cunha participación activa esencial.
- Prácticas externas en empresas ou institucións que requiran asistencia física.
- TFG/TFM sen autorización expresa da dirección do centro.
- Calquera actividade indivisible ou crítica para acadar os resultados de aprendizaxe.

COMUNICACIÓN AO PROFESORADO

- As resolucións favorables de dispensa seránlles **comunicadas ao profesorado responsable das materias afectadas** e ás coordinacións, segundo o procedemento interno do centro.
- Isto aplica tamén ao estudantado con **dedicación parcial ou adaptada**, cando implique adaptacións docentes.

DISPENSA ACADÉMICA ESPECIAL

Existe unha modalidade **especial** (art. 15) con dereitos ampliados aplicable a:

- Estudiantado en situación de embarazo ou con permisos por nacemento, adopción ou acollemento.
- Persoas ao coidado de fillos menores de 12 anos ou familiares dependentes.
- Vítimas de violencia de xénero ou outras violencias recollidas polo protocolo da UDC.

Dereito específico: ter **un mínimo do 20 % de faltas non xustificadas** nas actividades formativas síncronas sen que afecte negativamente á súa avaliación.

Tamén neste caso se lle comunicará a resolución **ao profesorado** e poderá incluír **propostas de adaptación** feitas desde a dirección do centro ou a vicerreitoría.